

A Voz de Abaixo

Nº 1
1º trimestre
2010

Editorial

Ola veciñas e veciños,
Vamos pola segunda VOZ!
Isto promete!

Neste número falaremos un pouquiño do acontecido nos últimos meses e das iniciativas da Asociación Veciñas As Marias máis recentes.

Continuamos coa sección Xente do barrio. Falamos das xornadas Lembrando o Barrio que dedicamos aos xogos populares e aos bailes. A sardiñada na rúa. E, como non, das nosas "afamadas e tradicionais" festas. Por suposto, inclúense fotos e tamén algunha que outra curiosidade.

Falaremos da Asemblea da Asociación celebrada o día 8 de xullo. Como pouca xente estivo presente, utilizaremos a VOZ para resumir os temas tratados, aínda que estaría ben que a veciñanza se animara a participar, para así facer oír a súa voz e intercambiar opinións publicamente e non co "disque disque".

Na nosa redacción seguimos agardando colaboracións (ou críticas) que, de seguro, mellorarán A VOZ DE ABAIXO.

Lembrando O Barrio: Os Bailes

Blanca García



Nas festas deste ano xuntámonos, de novo, no Bar Leis para lembrar cousas do pasado e esta vez tocoulle aos bailes. Contamos para a ocasión coa axuda de Angelines e Julita.

Por elas soubemos que antes non había costume de "bailar solto" (non estaba moi ben visto), pero o día da parroquia cumpríanse dúas tradicións: comer arroz con leite na casa e bailar xotas e muiñeiras na porta da igrexa de S.Miguel. Tamén nas cacharelas de San Xoán.

Na festa facíase un concurso de baile en parella, que gañaba aquela

que parara máis tarde. O famoso "tico-tico" bailárono un ano o avó de Julita e o pai de Antonio "o Canario". Faláronos da "Pixijana"; de Bascoy que tocaba o acordeón na horta da súa casa; do ano que, por falta de cartos para contratar orquestra, os músicos dunha banda tocaron ao longo da Rúa, enriba duns bancos feitos polos veciños. Tamén de como o día da festa as rapazas erguíanse cedo para axudar na preparación da Rúa e cando empezaban as alboradas paraban as vasoiras para "botar

unhas bailas". E de cando algún mozo bailaba pegado de máis e a forza que tiñan que facer elas para manter unha distancia prudencial, o que acababa en "lesión de brazo".

Por último, relatáronos a orde das festas da zona: a primeira era a de San Caetano (1º domingo de agosto); despois a de Basquiños (finais de agosto), que facía a festa na Pastoriza e o baile era no medio da rúa; e despois a nosa: "San Caetano xa pasou, Pastoriza logo ven, deixa vir o día 8 pola conta que me ten".



Crónica das Festas 2010

Beatriz Peres



O festival infantil deixou-nos fotografias como estas, onde podemos lembrar os bons momentos passados polos mais pequinhos: em companhia dos títeres todo o bairro puido ouvir os risos e aplausos do exigente público; o novo mural que transformou em alegria umha triste parede de cimento do bairro; o mercado de troco, onde as bonecas e contos encontrárom outras casas novas onde ir durante o inverno; e que comentar da globofléxia... coroas, cans, flores e espadas de plástico para todo o mundo!



A economia das Marias está saneada! E todo graças a estes magníficos vendedores que nom parárom de trabalhar durante os 2 dias de festa! (e muitos mais que nom aparecem na foto)



Mesmo tivemos a oportunidade de afiar facas, tesoiras e navalhas com Rudesindo da Barrosa, que percorreu as nossas ruas:



No primeiro Concurso De Baile da Rua de Baixo, Gelines conseguiu um merecidíssimo primeiro prémio. Parabéns!!



Como sempre, as mais madrugadoras do sábado fôrom as cativas, que levárom o pendom das Marias e os cabeçudos ao som dos gaiteiros.



Durante 2 dias fartamo-nos de bailar ao som de Tiroliro Regueifeiros, Os Estalotes, as pandeireteiras de Bouba, o Coro da Rá, Eva e Camilo e o Home Orquestra. Para o ano voltamos a ver-nos no campo da festa!

Xente do Barrio

Julia Villaverde García, Julita

Neste segundo número da nosa VOZ dedicamos a sección Xente do Barrio a Julia Villaverde García.

Julita naceu no número 40 da "rúa de abaixo" na casa familiar, xunto con 38, dende hai varias xeracións. Que nós saibamos, os seus bisavós xa vivían nela e na actualidade Ricardo, o seu irmán pequeno.

De rapaza Julita aprendeu o oficio de modista no obradoiro de Dona Aurora, na Acibechería, para despois montar o seu taller de costura na casa materna.

Tras casar cun veciño de San Caetano, Kiko, co que tivo os seus catro fillos, viviron moitos anos na Rúa ata que nos 80 trasladáronse a outra zona, pero o seu labor de modista seguiu desenvolvéndose no barrio.

Esta foto está tomada nas festas, ocasión moi especial na súa vida, xa que dende nena participou activamente nelas. Tamén o fai agora colaborando coa nosa asociación na actividade Lembrando o barrio. Nos tres encontros que levamos realizado, ela foi parte protagonista contándonos como eran as festas do pasado, os xogos e os bailes. A verdade é que pasámolo moi ben escoitando.

Tamén sabemos que na casa materna a Festa é a ocasión máis salientable de reencontro familiar. Grazas a súa nai, primeiro, e agora a súa cunhada Pepita, quen tomou o relevo da señora Estrella, organizase un dos xantares máis famosos das festas, no que non falta a cantarela cunha copla popular do barrio que remata dicindo: "... somos de aquí, deste lugar, o que nos gusta é cantar, bailar, pasalo ben. Se hoxe é festa, mañá tamén".



Esther Hervés



As Mariás reúnen na rúa

O pasado 19 de agosto de 2010 As Mariás mantivemos unha xuntanza a pé de obra coa Concelleira de Rehabilitación e Cidade Histórica.

Un dos temas que preocupaba ás Mariás era o lugar de realización das festas. A Concelleira confirmounos que para esas datas a obra non estaría rematada así que finalmente as festas trasladáronse á Praza de Ulteira por cuestións de seguridade xa que nin Concello, nin Empresa nin As Mariás poderían facerse responsables da celebración das festas nunha obra aínda sen rematar. Aproveitamos esta oportunidade para agradecer á Empresa Constructora o traballado desenvolvido para deixar a rúa limpa e as vallas de seguridade e as rampas metálicas colocadas.

A nova escaleira de acceso ao patin foi outro dos temas que se tratou: Falamos da posibilidade de suprimir a escaleira tal e como estaba no proxecto inicial e trasladar a súa ubicación a outro punto da praza xa que isto permitiría dispoñer dunha plataforma (ou palco) para ser usado pola veciñanza na realización de actividades lúdicas tales como teatro, títeres etc. A resposta da Concelleira e do persoal técnico que a acompañaba foi que esta opción non era posible polos seguintes motivos: o avanzado estado de execución da obra, por cuestións técnicas e porque esta modificación suporía a alteración da idea que deu lugar á colocación da escaleira (posibilitar o acceso ao patin dentro dun itinerio que percorrese a praza en sentido circular). Aínda que algún destes razoamentos poida ser coherente, consideráramos que o cambio podería ser beneficioso para toda a veciñanza que participa nas actividades e deste xeito só se beneficia directamente unha das casas da praza.

Outro dos temas que tratamos foi a posibilidade de eliminar a árbore que se plantará máis cerca da escaleira xa que entendemos que pode suponer un obstáculo na colocación do palco e carpa para vindeiras edicións das festas. Novamente a resposta é que este cambio non está contemplado no proxecto e que a modificación supón novamente certos inconvenientes a nivel técnico.

Solicitamos á Concelleira a colocación un punto de luz permanente na praza do Espiritu Santo (tal e como existe noutras prazas da cidade) para solventar os problemas que alega a empresa subministradora cada vez que temos que solicitar a colocación dun punto de iluminación en calquera actividade das que desenvolvemos nese espazo. A Concelleira comprométese a revisar a solicitude a pesares de que nos indica que non se incluíu no orzamento inicial. A día de hoxe non recibimos resposta ao respecto.

En anteriores ocasións comentáramos coa Concelleira a necesidade da posta en valor de determinados elementos arquitectónicos da praza tales como o acueducto, as casetas do acueducto ou a muralla. Neste sentido solicitamos que se resalten luminicamente as casetas e que se coloque algún panel explicativo ao respecto pero novamente a falla de orzamento é utilizada como argumento aínda que non se descartan estas actuacións para un futuro do que aínda non temos data concreta.

Coa inminente inauguración da rúa, As Mariás queren lembrar á Concelleira o compromiso de facer unha homenaxe á familia Fandiño. O tema queda pendente dunha xuntanza no pasado mes de setembro. As Mariás solicitamos en tempo esta xuntanza pero, a día de hoxe, tampouco tivemos resposta.

Outro dos temas do que se falou foi o acceso ao patin máis elevado: Unha veciña dirixese persoalmente á Concelleira e no seu nome e no de outras veciñas (persoas maiores e con problemas de mobilidade) solicita que se substitúa esta escaleira por unha rampa ou que se pense na posibilidade de facer unha rampa a maiores para o acceso a estas vivendas. Novamente os técnicos falan de que xa se valorou a posibilidade pero que se desbotou pola falla de espazo na prolongación da rampa, xa que esta prolongación coincidiría coa zona máis estreita para o paso de vehículos. Comprométese a valorar a posibilidade de facer unha nova rampa da que seguimos sen ter noticia nen indicios.

E seguindo cos problemas de mobilidades e a eliminación de barreiras arquitectónicas, novamente lembrámoslle a Olga Pedreira a necesidade de eliminar o escalón que hai na beirarrúa entre os Basquiños e Espiritu Santo. Todas as Concellerías ás que se lles puxemos de manifesto esta cuestión son conscientes da necesidade da supresión desta barreira pero... o escalón segue a estar aí e os carritos, a xente maior ou as sillas de rodas seguen a ter que sortear este obstáculo diariamente.

En vindeiros números da Voz de Abaixo seguiremos informando sobre o discorrer das xuntanzas que mantemos.

E, se queres colaborar connosco, tamén podes mandar un correo electrónico ao seguinte enderezo: a.vv.asmarias@gmail.com

A Sardinhada



Outro ano de sardinhada das Marias! desta vez foi um pouco tarde, mas as sardinhas estavam boissimas e houve vinho a fartar. Como sabedes, tivemos que organizar todo na rua santa clara por causa das obras, e nom estivo nada mal o sitio novo... Por nom falar das gaiteras e as bailadoras que nos animárom a festa!

Última Hora!!!

Depois de muito batalhar, as Marias vamos conseguindo cousas. Preocupadas porque o bairro seja transitável para todos e todas, solicitamos insistentemente ao concelho que eliminasse o enorme desnível situado no cruzamento entre a rua de baixo e basquinhos.

E aqui está.

Continuaremos trabalhando para que o bairro se convirta em um lugar cada dia mais humano.



As Festas en números



Músicos e artistas
Sub-total A: 3.550,00 €

Total gastos provisional
(A+ B + C+D) 8.037,95 €

Comidas e bebidas
Ecovasos 283,22 €
Licores Moure 643,44 €
Froiz 252 €
Petiscos 100 €
Alcampo 101,03 €
Panadería 106,80 €
Cervexa barra 1.332,60 €
Sub-total B: 2.818,95 €

Recaudados (en efectivo)
Barra 4421
Camisolas 560
Cuotas libro 230
Donativos das casas 2389
Rifas 448
Mercadillo
Sub-total: 7007,95 €

Infraestructuras varias
Fogos 120 €
Luces 500 €
Palco e carpa 600 €
Imprenta 249 €
Sub-total C: 1.469,00 €

Outros gastos:
Seguro Maphre 220 €

Total gastos: 8.257,95 €

Total recadado 8.604,40 €

Outros
Premio rifa 100 €
Sub-total D 100 €

Saldo positivo de 346,45 €